

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 27 de xuño de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(601).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 10 de xuño de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(602).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE DATA 15.06.16 E 22.06.16 DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA E DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA. EXPTE. 79/1102.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía:

Resolución do 15.06.16:

"Esta Alcaldía-Presidencia, ao abeiro o disposto no art. 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público en canto ao persoal eventual e, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril,

Reguladora das Bases do Réxime Local, ditou Resolución en data 24/08/2016 nomeando a D^a Rocío Pereira Rodríguez como auxiliar-persoal eventual.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 29/04/2016, adoptou acordo de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP N^o 220, do 16/11/2010)-Postos de persoal eventual (Expte. 27612/220), que foi obxecto de publicación no BOP do día 14/06/2016.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como as condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a miña Resolución do 24/08/2016 e, polo tanto, cesar no posto de auxiliar eventual do Grupo municipal Socialista a D^a Rocío Pereira Rodríguez.

Segundo.- Nomear, persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás seguintes persoas e nos seguintes postos:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesora Alcaldía	Xornada completa	30.380,84 euros.	PEREIRA RODRÍGUEZ, ROCÍO 34875289-K
Auxiliar Admva. Alcaldía	Xornada completa	21.710,08 euros.	FRAGUEIRO FERNÁNDEZ, M ^a CONCEPCIÓN 35284176-Z
Auxiliar Admva. Grupo m. Socialista	Xornada completa	21.710,08 euros.	PERALEJO ABELEIRA, M ^a DEL CARMEN 36106863-Z

Terceiro.-Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19/06/2015, modificado polo acordo do mesmo órgano decisorio do 29/04/16.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Quinto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da área de RR HH e Formación, Gabinete Alcaldía, Grupo municipal Socialista e persoas interesadas."

Resolución do 22.06.16:

“Detectado erro material na Resolución de data 15/06/2016, de nomeamento de persoal eventual -un posto de asesora e dous postos de auxiliares administrativas de Alcaldía e do Grupo municipal socialista-, no tocante á data de nomeamento de D^a Rocío Pereira Rodríguez que di que esta foi do 24/08/2016 cando debería ser do 24/08/2015; ao abeiro do art. 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir o erro material detectado na Resolución de data 15/06/2016 e así, onde di, tanto nos antecedentes como na parte dispositiva que a Resolución de nomeamento de D^a Rocío Pereira Rodríguez é de data 24/08/2016, deberá dicir que esta Resolución é do 24/08/2015.

Segundo.- Da presente Resolución darase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación. Notifíquese á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da área de RR HH e Formación, Gabinete Alcaldía, Grupo municipal Socialista e persoas interesadas.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(603).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes sentenzas, decretos e autos enviados pola Asesoría Xurídica á Xunta de Goberno Local:

A) EXPTE. 9685/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 151/2016 PA. DEMANDANTE: MANUEL A. PARDELLAS ÁLVAREZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2015 (EN REPOSICIÓN), RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, DANOS POR RETIRADA VEHÍCULO(EXPTE. 3674/243). DESESTIMADO O RECURSO.

B) EXPTE. 9706/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 177/2016. DEMANDANTE: EMILIA PEREIRA GARROTE. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 28/01/2016, RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA RÚA PÚBLICA, DR. CORBAL Nº 1. EXPTE.: 4670/243. DESESTIMADO O RECURSO.

C) EXPTE. 9763/111. AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 233/2016. DEMANDANTE: M^a NIEVES AVENDAÑO FONTÁN. OBXECTO: RESOLUCIÓN 18/12/2015 TE-A DO CONCELLO DE VIGO-DILIXENCIA DE EMBARGO SANCIÓN TRÁFICO. O AUTO DECLARA A CADUCIDADE DO RECURSO.

D) EXPTE. 9704/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 167/2016. DEMANDANTE: FRANCISCO JAVIER NEIRA HENCHE. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE ATRASOS POR DIFERENCIAS SALARIAIS DENDE 1998. DESESTIMADO O RECURSO.

E) EXPTE. 8915/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 458/2014 PO. DEMANDANTE: D. MANUEL GONZÁLEZ ALONSO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN (E SERODIA A DO 02/01/2015) EXPEDIENTE DE CONSTRINXIMENTO (DIVERSAS DÉBEDAS EN RELACIÓN CON LÓPEZ DE NEIRA 6- PERÚ 4) / DILIXENCIA DE EMBARGO. DESESTIMADO O RECURSO.

F) EXPTE. 9702/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 164/2016 PA. DEMANDANTE: AXA SEGUROS GENERALES. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 26/01/2016, RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, DANOS EN VEHÍCULO POR SINAL DE TRÁFICO NO VAO. DESESTIMADO O RECURSO.

G) EXPTE. 8796/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 314/2014 PO. DEMANDANTE: JOSE LUÍS COSTAS COSTAS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 9/06/2014, OBRAS SEN LICENZA NA AVENIDA RICARDO MELLA, 38. DESESTIMADO O RECURSO.

H) EXPTE. 9712/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 183/2016 PA. DEMANDANTE: CARMEN MARÍA DEL PRADO BARBERO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 26/01/2016, RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 27/03/15. DESESTIMADO O RECURSO.

I) EXPTE. 9759/111. DECRETO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 231/2016. DEMANDANTE: MARÍA HUMILDAD DIEZ GONZÁLEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 07/09/2015 E 22/02/2016 (E.P., DE IMPUTACIÓN Á CONTRATISTA), RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 27/04/2014. DESESTIMADO O RECURSO.

K) EXPTE. 9705/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 179/2016. DEMANDANTE: XEGALIA GALEGA DE XESTIÓN, S.L. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA. RECLAMACIÓNS DE INDEMNIZACIÓNS POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS OCTUBRE-NOVEMBRO 2014 DE DINAMIZACIÓN XUVENIL NO CASTRO. DESESTIMADO O RECURSO.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(604).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 120967/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/05/16 e o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta dos informe-proposta do 19/05/16 e 31/05/16, da técnica media de Servizos Económicas, conformado o primeiro polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que din o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 19 de decembro de 2013, aprobou a adxudicación a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA. do contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria (expte. 82392/301), por un prezo total de 11,75€ usuario/mes (IVE incluído). O custo máximo do contrato á data da concesión estableceuse en 155.126,40 euros IVE incluído.

O apartado 3.j das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termite o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.

O contrato formalizouse con data 30 de xaneiro de 2014.

En expediente 114883-301 aprobouse a revisión de prezos para o período decembro/2013-xaneiro/2015 quedando fixado o prezo do contrato a partir de febreiro de 2015 en 76.554,88 euros.

O índice de prezos do consumo no período xaneiro/2015-xaneiro/2016, experimentou unha variación de -0,3% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -0,15% sobre a cantidade a actualizar (76.554,88 euros). O importe correspondente á variación do IPC neste período ascende a -114,83 euros.

O contrato a partir de febreiro 2015 pasa a ter un importe de 76.440,05 euros. O prezo/mes/usuario a partir da actualización para un máximo de 550 usuarios é de 11,58 euros IVE incluído (11,13 mais 4% do IVE)

Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar para o contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria, adxudicado a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, NIF A79022299, a redución do prezo de contrato, por efecto do IPC negativo no período revisado, xaneiro-2015/xaneiro2016, correspondente ao 50% da variación experimentada polo IPC nacional, quedando establecido en 76.440,05 euros.

Segundo: Regularizar na primeira facturación que se presente a partir da notificación do presente acordo, o importe facturado en exceso desde febreiro de 2016, a razón de -9,57 euros/mes.

Terceiro: Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(605).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES EXCEPCIONAIS DE COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE E.I. (2º ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA- CURSO 2015-2016. EXPTE. 105198/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 23/06/16, da diplomada Traballo Social-técnica responsable do servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade e axudas municipais escolares; conformado pola xefa de Benestar Social, polo xefe da área de Política social, polo concelleiro-delegado de Política Social e polo asesor xurídico adxunto de Benestar Social, que di o seguinte:

"I.- ANTECEDENTES

I.1.- A Xunta de Goberno Local- XGL, na súa sesión extraordinaria de 10 de abril de 2016 acordou:

I.1.1.- Aprobár as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor que foron publicadas no BOP núm. 71 de 16 de abril de 2015, así como no taboleiro oficial da Casa do Concello, nos centros de servizos sociais (Unidade de Traballo Social) e na páxina web do Concello.

I.1.2.-Compromete o gasto para ás axudas de libros , material escolar e comedor con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4810000 (Becas, libros , material escolar e comedor) do orzamento de Benestar Social do Concello. (Comedor de xaneiro a xuño de 2016: RCFUT1- número 201500023408 - 714.219,20€)

I.2.-Con data 30 de setembro de 2015, a XGL, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de resolución do expediente de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do curso 2015-2016. Aprobando as concedidas e denegadas.

I.2.-Con data 12 de febreiro de 2016, a XGL en sesión ordinaria, acordou a resolución dos recursos de reposición contra o acordo da XGL de 30.09.2015, relativo ás axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do curso 2015-2016 estimando vinte dos recursos de reposición con cargo ás baixas producidas en anteriores adxudicacións, non facendo falla novo contraído para o gasto, e desestimando cincuenta e dous recursos presentados.

I.3.-Na base Cuarta – “Beneficiarios” das bases reguladoras das axudas municipais escolares de libros, e comedor, para o curso 2015/2016, recóllese que:

«O programa para **comedores escolares** da presente convocatoria engloba dous tipos de persoas beneficiarias, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

-**Modalidade A.**- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta.

-**Modalidade B.**- Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da convocatoria e resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional a partir do 1 de outubro de 2015, debidamente xustificadas polos técnicos do Departamento de Benestar social. A Comisión de Valoración propondrá a súa concesión á Xunta de Goberno Local sempre e cando cumpran cos requisitos esixidos, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. De non existir tal dispoñibilidade, as solicitudes aprobadas nesta Modalidade B pasarían a integrar a lista de agarda única existente, en función da renda per cápita obtida froito da convocatoria ordinaria.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as, no curso 2015-2016, en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- | | |
|--|----------------|
| • Educación Infantil (2ª etapa) | 3 a 5 anos |
| • Educación Primaria (1º a 6º) | 6 a 12 anos |
| • Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) | 12 a 16 anos » |

I.4.-As solicitudes de axudas municipais de carácter excepcional de comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria do concello de Vigo foron 47.

Examinadas as solicitudes pola Comisión de Valoración e comprobado que da información que obra en poder deste Departamento, resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas, e de acordo coas bases reguladoras das axudas municipais escolares de libros , e comedor , para o curso 2015/2016, propónse a concesión de 39 axudas e a desestimación de 8 por non cumprir requisitos de excepcionalidade.

–Anexo I: Concesión de axudas excepcionais de comedor

–Anexo II: Desestimación de axudas excepcionais de comedor

I.5.-Existe crédito para facer fronte aos gastos para as axudas municipais con carácter excepcional de comedor das/os alumnas/os de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e educación secundaria para o curso 2015-2016, procedentes das baixas producidas con cargo a :

- Comedor de xaneiro a xuño de 2016: RCFUT1- número 201500023408 (714.219,20€)

Polo anteriormente exposto, propónse á XGL, a adopción do seguinte acordo:

«1.- Conceder a axuda excepcional de comedor os/as 57 alumnos/as que figuran no Anexo I, que comeza por “Fernández Andrade, David remata por “Zaragoza Silva, Isaac”, das axudas excepcionais de comedor, que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así mesmo cumpren cos requisitos estipulados na base 4ª e na base 6ª da convocatoria, existindo causa xustificada de excepcionalidade e existindo orzamento para a súa concesión.

Aprobar o gasto con cargo ás baixas producidas das anteriores adxudicacións, cuxo gasto estaba reservado nos documentos contables:

- Comedor de xaneiro a xuño de 2016: RCFUT1- número 201500023408 (714.219,20€)

non facendo falla novo contraído para o gasto.

A contía a pagar por alumna/o será de 41,00€/ mes (28,70€ nos meses de decembro 2015 e marzo 2016).

Anexo I- 2015/2016 Concedidas

	Alumno	Solicitante	Data de Inicio	Estado comedor	Nº Expediente
1	FERNANDEZ ANDRADE, DAVID	ANDRADE KAIFER, BELEN	01/03/16	Concedida	3605721003516
2	REFOJOS KAIFER, MIGUEL	ANDRADE KAIFER, BELEN	01/04/16	Concedida	3605721003516
3	FERREIRA APARICIO, ERIK EDUARDO	APARICIO ARIAS, PATRICIA	01/12/15	Concedida	3605724002944
4	PORTELA GIACHETTO, MARCOS SANTIAGO	APARICIO ARIAS, PATRICIA	01/12/15	Concedida	3605724002944
5	RODRIGUEZ BARREIROS, JENNIFER VALENTINA	BARREIROS RODRIGUES, JENNY NANCY	01/12/15	Concedida	3605704003429
6	RODRIGUEZ BARREIROS, VANESSA ISABELLA	BARREIROS RODRIGUES, JENNY NANCY	01/12/15	Concedida	3605704003429
7	MARTINEZ BATIZ, SHEYLLIN ADRIANA	BATIZ MEJIA, INES KAREN	01/03/16	Concedida	3605723003113
8	NEAL BATIZ, CLARITXA JOHANA	BATIZ MEJIA, INES KAREN	01/03/16	Concedida	3605723003113
9	NEAL BATIZ, JENNIFER IVON	BATIZ MEJIA, INES KAREN	01/03/16	Concedida	3605723003113
10	BALBONA BOSCHETTI, IZAN	BOSCHETTI TINEO, FELICIDAD VALLE	01/11/15	Concedida	3605704002011
11	MARTINEZ CORREA, COSME	CORREA ALONSO, LEIRE	01/04/16	Concedida	3605712003149
12	ARIAS CORTES, CARLA	CORTES RODRIGUEZ, RAQUEL	01/12/15	Concedida	3605725001145
13	DRAGOI , MILENA	DRAGOI , ANA	01/03/16	Concedida	3605711003527
14	TOADER , ADELIN	DRAGOI , ANA	01/03/16	Concedida	3605711003527
15	EMBOIRIC LAABID, FARAH	EMBOIRIC MOHAMED, ALALI	01/11/15	Concedida	3605713002807
16	EMBOIRIC LAABID, MANSOUR	EMBOIRIC MOHAMED, ALALI	01/11/15	Concedida	3605713002807
17	ESQUEA MOTA, MARLLYN ELIANA	ESQUEA MOTA, DOLORES RAMONA	01/12/15	Baja	3605714002272
18	COLLAZO APARISI, XIANA	GONZALEZ GONZALEZ, M. LUISA	01/12/15	Concedida	3605714003462
19	LOPEZ GUEDEZ, DIEGO ENRIQUE	GUEDEZ AZUAJE, EVELYN CAROLA	01/12/15	Concedida	3605712003057
20	MOURA SILVA, NATHALYE BEATRIZ	GUIMARAES DE MOURA ZANQUINI, JOYCE	01/12/15	Concedida	3605702002879
21	ZANQUINI GUIMARAES, MATHEO CHAVARETTO	GUIMARAES DE MOURA ZANQUINI, JOYCE	01/12/15	Concedida	3605702002879
22	IGBOEZUE , ALEXANDER CHISON	IGBOEZUE , LILIAN IFEOMA	01/03/16	Concedida	3605721003513

	Alumno	Solicitante	Data de Inicio	Estado comedor	Nº Expediente
23	IGBOEZUE , IFECHUKWU FAVOUR	IGBOEZUE , LILIAN IFEOMA	01/03/16	Concedida	3605721003513
24	MARTINS , SONIA	KARELA , OLGA	01/11/15	Concedida	3605706003344
25	HURTADO MARCO, RAUL ALEJANDRO	LOPEZ GARMA, ENRIQUE JESUS	01/12/15	Concedida	3605714003513
26	LOPEZ MARCO, ANGELIS ELENA	LOPEZ GARMA, ENRIQUE JESUS	01/12/15	Concedida	3605714003513
27	LOPEZ LOPEZ, NAIARA	LOPEZ SOUSA, JENNIFER	01/12/15	Concedida	3605721003492
28	MATUTE DOMINGUEZ, DIEGO	MATUTE PINEDA, ERIC OCNIEL	01/12/15	Concedida	3605705003273
29	MATUTE DOMINGUEZ, YAGO	MATUTE PINEDA, ERIC OCNIEL	01/12/15	Concedida	3605705003273
30	PEREZ MENDEZ, DUNIA	MENDEZ ZUÑIGA, CARMEN	01/10/15	Concedida	3605716000123
31	PEREZ MENDEZ, MANUEL	MENDEZ ZUÑIGA, CARMEN	01/10/15	Concedida	3605716000123
32	CHIFOR , MIHAITA CATALIN	MITU , VASILICA	01/12/15	Concedida	3605702002904
33	GIMENEZ MONTOYA, MAIRA	MONTOYA GOMEZ, JENNIFER	01/12/15	Concedida	3605704003435
34	GRULLON MOTA, YOLANNY RUBY	MOTA , YINNET	01/04/16	Concedida	3605714003600
35	ROUCO MUÑOZ, ANXO	MUÑOZ FERNANDEZ, M. GLORIA	01/04/16	Concedida	3605711003548
36	ROUCO MUÑOZ, SHEILA	MUÑOZ FERNANDEZ, M. GLORIA	01/04/16	Concedida	3605711003548
37	MUÑOZ JURADO, AINARA	MUÑOZ RAMIREZ, DIEGO FERNANDO	01/12/15	Concedida	3605702001764
38	VILLEGAS OLIVEIRA, DENIS IGNACIO	OLIVEIRA MENDEZ, ROSA CAROLINA	01/02/16	Concedida	3605715004038
39	VILLEGAS OLIVEIRA, GABRIEL ALEJANDRO	OLIVEIRA MENDEZ, ROSA CAROLINA	01/02/16	Concedida	3605715004038
40	PAZOS RODRIGUEZ, ANXO	PAZOS CEREIJO, JOSE BENITO	01/12/15	Concedida	3605705003275
41	RIVAS FERRADANS, BRIAN JOSE	RIVAS FERRADANS, VANESA	01/02/16	Concedida	3605713003439
42	VARELA RIVAS, NOA	RIVAS FERRADANS, VANESA	01/02/16	Concedida	3605713003439
43	RODRIGUEZ REVELLO, ARIANNA	RODRIGUEZ DAVILA, JOSUE (*)	01/12/15	Concedida	3605703002462
44	LARENA RODRIGUEZ, ALEJANDRO	RODRIGUEZ MARTINEZ, MARIA DEL MAR	01/02/16	Concedida	3605712003103
45	LARENA RODRIGUEZ, ERICK	RODRIGUEZ MARTINEZ, MARIA DEL MAR	01/02/16	Concedida	3605712003103
46	ECHEBERRI ROJAS, SEBASTIAN	ROJAS ZULUAGA, ZOLANYI	01/03/16	Concedida	3605714003581
47	GUEVARA ROJAS, SARA	ROJAS ZULUAGA, ZOLANYI	01/03/16	Concedida	3605714003581
48	PAZOS ROMAY, GABRIEL	ROMAY FERNANDEZ, SANDRA	01/04/16	Concedida	3605723004168
49	RODRIGUEZ ROMAY, AILEN	ROMAY FERNANDEZ, SANDRA	01/04/16	Concedida	3605723004168

	Alumno	Solicitante	Data de Inicio	Estado comedor	Nº Expediente
50	SALGUEIRO FERNANDEZ, SHEILA	SALGUEIRO TORRADO, JOSE CARLOS	01/03/16	Concedida	3605703002604
51	SPINDOLA SANTOS, GONZALO	SPINDOLA DOS SANTOS, ELAINE	01/11/15	Concedida	3605702002882
52	SURDU , SAMIR	SURDU , MIOARA	01/12/15	Baja	3605702002888
53	GONZALEZ VALDERRAMA, LUCAS	VALDERRAMA DIEGUEZ, LORENA	01/02/16	Concedida	3605702002455
54	ESCAÑUELA VAZQUEZ, AINOA	VAZQUEZ GOYANES, YOLANDA	25/05/16	Concedida	3605703002626
55	ALVAREZ VIEIRA, FERNANDO	VIERA MOREIRA, MONICA JANET	01/12/15	Concedida	3605702000846
56	YAHIAOUI , MALAK SAFIA	YAHIAOUI , ADDA	01/11/15	Concedida	3605715003990
57	ZARAGOZA SILVA, ISAAC	ZARAGOZA MARTIN, M CARMEN	01/12/15	Concedida	3605702002967

Nota (*): Na solicitude presentada por Rodríguez Davila, Josué, figura outro/a neno/a coa axuda escolar excepcional para "libros" denegada.

2.- Desestimar a axuda excepcional de comedor das/os alumnas/os, que figura no Anexo II , que comeza por "Acosta Rodríguez, Nando Enrique" remata por "Rodríguez Revello, Patricia", por non cumprir os requisitos de excepcionalidade recollidos nas bases e que se salientan para cada un deles

Anexo II- 2015/2016 Desestimadas

	Alumno	Solicitante	Colexio	Motivo denegación comedor	Nº Expediente
1	ACOSTA RODRIGUEZ, NANDO ENRIQUE	ACOSTA RODRIGUEZ, DAYAMI	NIÑO JESUS DE PRAGA	No aportar documentación necesaria	3605721003511
2	RODRIGUEZ ALVAREZ, IRIA	ALVAREZ GARCIA, M. VICTORIA	O POMBAL	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605711001922
3	COSTAS VILLAR, DIEGO	COSTAS ARJONES, JOSE ENRIQUE	MERCANTIL	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605702002214
4	CARDENAS GUTIERREZ, DAYAN ELIZABETH	GUTIERREZ CABEZUDO, MIRTHA ELIZABETH	QUIÑONES DE LEON	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605713002962
5	ANZULES HOLGUIN, PAULA DANIELA	HOLGUIN ACOSTA, MILDRE PAOLA	MERCANTIL	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605725003097
6	ANZULES HOLGUIN, VALENTINA	HOLGUIN ACOSTA, MILDRE PAOLA	MERCANTIL	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605725003097
7	FERNANDEZ HOLGUIN, KENNY ANDREY	HOLGUIN ACOSTA, MILDRE PAOLA	MERCANTIL	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605725003097
8	CARBALLEIRA IGLESIAS, SARA	IGLESIAS VAZQUEZ, SUSANA MARIA	COMPAÑIA DE MARIA (ENSEÑANZA)	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605721003108
9	MEIJIDE NOVOA, VICTOR	MEIJIDE SARRAPIO, MANUEL	MOSTEIRO BEMBRIVE	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605701001016
10	OJEA OTERO, GUILLERMO	OJEA MARTINEZ ESCALERA, RODRIGO	COMPAÑIA DE MARIA (ENSEÑANZA)	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	3605721003563
11	RODRIGUEZ REVELLO, PATRICIA	RODRIGUEZ DAVILA, JOSUE	CRISTO DE LA VICTORIA	Incompatibilidade con Decreto 132/2013 do 1 de agosto	3605703002462

Nota (*): Na solicitude presentada por Rodríguez Davila, Josué, figura outro/a neno/a coa axuda escolar excepcional para comedor concedida

3.- Publicar este acordo e os seus anexos na web oficial, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nos Centros de Servizos Sociais Municipais.

4.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas , con indicación de que pon fin a vía administrativa e de que contra a presente resolución poderán interpoñer, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente , recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 116-117 da Lei 30/92 , e 8, 25 ,46 e ccdtes. Da Lei 29/98)”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(606).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO 2016. EXPTE. 125091/301.

Dáse conta do informe-proposta do 16/06/16, da técnica media de Servizos Económicos do servizo de Benestar Social:

*Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: **xaneiro-maio 2016.***

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
26/01/16	REPARACIONES E MANT. UBAS	2120000	201600009932	3,000,00	VARIOS
26/01/16	REPARACIONES EDIF. M. VALTERRA	2120002	201600010176	2,000,00	VARIOS
29/01/16	INSTALACIÓN DE ALARMAS	2130000	201600011430	1,300,00	VARIOS
26/01/16	REPARACION E MANTEMENTO MOBILIARIO	2150000	201600009933	500,00	VARIOS
26/01/16	LIBROS E OUTRAS PUBLICACIONES	2200100	201600009926	1,050,00	VARIOS
22/01/16	SERVIZOS POSTAIS E DE MENSAXERÍA	2230000	201600009950	9.000,00	VARIOS
22/01/16	SERVIZOS POSTAIS E DE MENSAXERÍA	2230000	201600009952	10.000,00	VARIOS
26/01/16	ATENCIONES PROTOCOLARIAS	2260100	201600009976	500,00	VARIOS
27/04/16	DIFUSIONS PROGRAMAS SOCIAIS	2260200	201600045866	2.654,44	ECOVIGO PUBLICIDAD,SL
11/02/16	ACTIVIDADES MAIORES “Viaxa e coñece 2016”	2260902	201600014187	6.000,00	AUTOCARES LA FLORIDA, SAL
24/02/16	ACTIVIDADES MAIORES“Obradoiros autocoñecemento...”	2260902	201600016811	6.435,00	PATRICIA RIVAS GALLEGO

24/02/16	ACTIVIDADES MAIORES "Danzas do mundo,saúde e diversión...."	2260902	201600016813	15.130,50	VICTOR GONZALEZ ROMERO
24/02/16	ACTIVIDADES MAIORES "Relaxación e movemento"	2260902	201600016814	1.996,50	SANDRA G. VERBA SZERMAN
24/02/16	ACTIVIDADES MAIORES "Risa activa"	2260902	201600016815	3.163,50	Mª PILAR LORENZO REPRESAS
26/02/16	ACTIVIDADES MAIORES "Vive cantando"	2260902	201600017116	5.296,50	ANDREA GOMEZ NAVARRETE
23/03/16	ACTIVIDADES MAIORES "Tai-Chi"	2260902	201600019483	858,00	MARISOL RODRIGUEZ FERNÁNDEZ
18/03/16	ACTIVIDADES MAIORES "Memoria activa"	2260902	201600021156	2.376,00	VICTOR GONZALEZ ROMERO
27/01/16	PROGRAMA MENORES "Proxecto Xin-Xin"	2260907	201600010902	12.000,00	CENTRO XUVENIL ABERTAL
27/01/16	PROGRAMA MENORES "Interv lúdica y social"	2270907	201600009932	8.696,00	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
22/01/16	EE. TT. TECNICOS- "Emix tarx alimentos"	2279900	201600009651	2.000,00	LA CAIXA
11/04/16	EE TT TECNICOS "Emix tarx bono-taxi"	2279900	201600023990	2.500,00	ABANCA
26/01/16	MANTEMENTO EXTINTORES	2279906	201600010117	1.000,00	VARIOS
15/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600014416	6.000,00	ERGUETE ASOC AXUDA TOXICÓMANO
15/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600014424	9.000,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
15/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600014426	7.500,00	ALBORADA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
16/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600015417	10.500,00	ALBORADA-ASOC CIUDADANA LUCHA
16/02/16	PLDA- INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201600015418	9.000,00	ERGUETE ASOC AXUDA TOXICÓMANO
16/02/16	PLDA. "Mais que un teito"	2279906	201600015419	2.500,00	ERGUETE ASOC AXUDA TOXICÓMANO
20/02/16	PLDA "Odisea"	2279906	201600015967	3.000,00	ALBORADA.ASOC PROMOCION DE LA SALUD
20/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600016795	300,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
20/02/16	PLDA INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201600016796	600,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
20/02/16	PLDA. "Mais que un teito"	2279906	201600016797	125,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
20/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600016799	900,00	ALBORADA.ASOC PROMOCION DE LA SALUD

20/02/16	PLDA "Non pasa nada..."	2279906	201600016800	300,00	ALBORADA.ASOC PROMOCION DE LA SALUD
20/02/16	PLDA INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201600017005	5.625,00	ERGUETE ASOC AXUDA TOXICÓMANO
03/03/16	PLDA-Execución en valores	2279906	201600019304	19.789,00	CULTURALIA
14/03/16	PLDA "Penélope"	2279906	201600020986	1.800,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
14/03/16	PLDA "Activa"	2279906	201600020987	2.700,00	AMAINA-ASOC PROMOCION DE LA SALUD
14/03/16	PLDA "Formación mediadores sociais"	2279906	201600020988	3.600,00	ERGUETE ASOC AXUDA TOXICÓMANO
11/04/16	IMPRESION DOCUMENTOS OFICINA PLDA	2279908	201600033419	1.269,29	SIXPRESS COLOR, S.L.
15/02/16	COORDINACION PROYECTO "IMPORTANOS"	2279909	201600014874	18.000,00	AMIGOS DA TERRA
23/02/16	ACTIVIDADES INSERCIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDADE	2279909	201600016812	3.500,00	VARIOS
07/03/16	PROGRAMA "ME MUEVO"	2279909	201600020318	6.010,12	DOWN VIGO
23/03/16	RESERVA CUATRO PRAZAS EN CENTOR	2279909	201600023350	7.000,00	ASOCIACION DOA
23/03/16	PROGRAMA REDUCCION DANOS EN MEDIO ABERTO	2279909	201600025497	12.000,00	FUNDACION ERGUETE
27/04/16	ACCIONS FORMATIVAS EDUC SECUNDARIA	2279909	201600042115	11.245,00	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA
27/04/16	ACCIONS FORMATIVAS ALFABETIZACION ADULTOS	2279909	201600042116	6.720,00	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA
27/04/16	COMPETENCIAS CLASE NIVEL 2	2279909	201600042117	12.005,00	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA
10/05/16	ACTIVIDADES FORMATIVAS PROXECTO IMPORTANOS	2279909	201600049991	8.000,00	ENTRECULTURAS
19/05/16	EXPOSICION "SOMOS MIGRANTES"	2279909	201600050532	499,73	RICARDO COSTAS PASCUALO
31/05/16	SERVIZO TRANSPORTES USUARIOS VERAN DE LECER	2279909	201600059300	3.300,00	SOC COOP GALLEGA CENTRAL TAXI
11/02/16	MEDIACION INTERCULTURAL	2279917	201600014428	21.799,99	MARCELA CLAUDIA D'AMBROSIO
23/02/16	SERVIZO INTERPRETACIÓN TELEFÓNICA	2279917	201600016789	3.867,16	DUALIA TELETRADUCCIONES

A Xunta de Goberno Local queda informada.

7(607).- PROPOSTA DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DA OBRA DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 27/04/16, do xefe da área de Servizos Xerais, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 28/12/2012, acordou a adxudicación a Construcciones Ramírez SLU da obra de Remodelación do Mercado do Berbés (Expte 1585/440).

A obra ten carácter plurianual segundo o que se indica no seguinte cadro:

Expte. 1.585/440 Remodelación do Mercado do Berbés.

Ano	2012	2013	2014	total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	1.743.907,15 €

Dende a data do inicio das obras e motivado por diversas actuacións, procedeu a aprobación por parte do órgano de contratación dos seguintes reaxustes de anualidades:

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 11/04/14	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784.603'81 €	1.743.907,15 €

Así mesmo, con data 16 de abril de 2014 o Concello de Vigo a través do Servizo de Comercio solicitou acollerse ao programa de subvencións da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos (procedemento IN223A-2014, Expte 2014-11).

A subvención foi concedida en data 24 de xullo de 2014 por un importe total de 150.000 euros. Para poder incorporar esta subvención ao expediente faise necesario proceder a un novo reaxuste de anualidades que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2014 co seguinte detalle:

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
-----	------	------	------	------	-------

Novo reaxuste	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	634.603'81 €	1.743.907,15 €
---------------	--------------	--------------	--------------	--------------	----------------

Durante o ano 2015 e de acordo cos créditos existentes derivados da prorroga do orzamento, a execución da obra foi axustada os 300.000,00 €, xa que este foi o importe prorrogado.

De acordo co informe dos directores da obra, de data 15 de xaneiro de 2016, o desenvolvemento da execución da obra responde os seguintes actos:

- Con data de 2 de xaneiro de 2013 asínase acta de comprobación de replanteo negativa.
- Con data de 25 de marzo de 2013 asínase acta de comprobación de replanteo positiva.
- Con data de 26 de marzo de 2013 asínase acta de paralización da execución dos traballos.
- Con data de 1 de xullo de 2013 asínase acta de reanudación dos traballos.
- Con data de 31 de xaneiro de 2014 asínase acta de paralización da execución dos traballos.
- Con data de 4 de agosto de 2014 asínase acta de reanudación dos traballos.
- Con data de 19 de decembro de 2014 asínase acta de paralización da execución dos traballos.
- Con data de 16 de marzo de 2015 asínase acta de reanudación dos traballos.
- Con data de 7 de xullo de 2015 asínase acta de paralización da execución dos traballos.

Das actuacións executadas nos periodos de obra indicados emitíronse 17 certificacións, a derradeira con data de 7 de xullo de 2015, por un importe total de 1.409.303'34 €, o que se corresponde co importe previsto para os exercizos de 2012, 2013, 2014 e parte do importe previsto para o ano 2015 xa que neste ano 2015 somentes se puideron consignar 300.000 euros polas posibilidades orzamentarias que se tiñan condicionados pola prorroga dos orzamentos do exercizo anterior. As certificacións tramitadas son as seguintes:

Certificación nº1	Xullo 2013	71,466'61 €
Certificación nº2	Agosto 2013	22,631'84 €
Certificación nº3	Setembro 2013	88,956'77 €
Certificación nº4	Outubro 2013	67,048'23 €
Certificación nº5	Novembro 2013	217,119'56 €
Certificación nº6	Decembro 2013	192,080'33 €
Certificación nº7	Xaneiro 2014	0'00 €
Certificación nº8	Setembro 2014	64.550'58 €
Certificación nº9	Outubro 2014	136.881'63 €
Certificación nº10	Outubro 2014	98,567'79 €
Certificación nº11	Novembro 2014	96,896'22 €
Certificación nº12	Decembro 2014	53,103'78 €
Certificación nº13	Marzo 2015	0'00 €

Certificación nº14	Abril 2015	75,839´17 €
Certificación nº15	Maio 2015	81,005´04 €
Certificación nº16	Xuño 2015	85,523´24 €
Certificación nº17	Xullo 2015	57,632´55 €

O novo reaxuste das anualidades previstas para a obra non supón incremento do prazo de execución dos traballos respecto do que estaba aprobado. Ata o de agora a obra estivo activa un total de 465 xornadas polo que restan 75 xornadas de traballo para esgota-lo prazo contractual de 18 meses (540 días) pendentes de execución neste ano 2016.

Polo tanto, non se precisaría tramitar unha ampliación de prazo, xa que o prazo previsto no proxecto de execución (18 meses) é suficiente para a execución da obra axustándoa ás novas anualidades orzamentarias.

2.- Proposta:

En base os antecedentes expostos, e necesario realizar o correspondente axuste final das anualidades de financiación da obra, tendo en conta que o orzamento vixente aprobado para o ano 2016 contempla a aplicación orzamentaria 4312,632,00,00 3ª anualidade investimento Modernización M. do Berbes, cun importe de 334,603,81 €.

Por tal motivo propónse que o axuste final dos importes económicos de cada anualidade para o proxecto de remodelación do Mercado do Berbés sexan os seguintes:

Ano	2012	2013	2014	2015	2016	Total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	-	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 11/04/14	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784,603´81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 07/11/14	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	634,603´81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste Final	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	300.000´00 €	334.603´81 €	1.743.907,15 €

En relación a esta proposta de axuste, debemos de atender que a conformidade do contratista atopase inherente co contido da acta de paralización de obra de data 7 de xullo de 2015, o cal implica a conformidade sobre a necesidade de axuste coas novas anualidades propostas.

Por todo o anteriormente exposto, e previo informe da oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar a cuarta modificación das anualidades do Expte. 1.585/440 - Remodelación do Mercado do Berbés.

Empresa Adxudicataria Construcciones Ramírez, SLU.

Partida orzamentaria: 4312.632.00.00

Ano	2012	2013	2014	2015	2016	Total
Reaxusste Final	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	300.000'00 €	334.603'81 €	1.743.907,15 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(608).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA “IV NOCTURNA CORRENDO POR VIGO” O VINDEIRO 2 DE XULLO DE 2016. EXPTE. 14836/333.

Dáse conta do informe-proposta do 21/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club de Deportes Carlos Miguel, con CIF (G-27779206), solicitou o día 30-11-2015 a través do Rexistro Municipal (Doc. 150153448), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: IV NOCTURNA CORRENDO POR VIGO*
- *Data: 2-07-2016*
- *Horario: 21.00H A 00.00H*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar **o sábado 2 de xullo de 2016;** a proba comenará ás 21.00h e rematará ás 00.00h, a saída terá lugar nas inmediación do mercado de Travesas para seguir pola Avenida de Castelao, rúa Porriño, Baiona, Redondela, Ramón Buch, Angel Llanos, Plaza da Tellada, Dario Durán Gómez, Florida, rotonda de Florida con M.Echegaray, Florida e meta.*

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Protección civil.*
- *Seguridade e Mobilidade*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo

339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade Club de Deportes Carlos Miguel, con CIF (G-27779206), a organizar o evento deportivo denominado IV NOCTURNA CORRENDO POR VIGO, o vindeiro sábado 2 de xullo de 2016; a carreira saldrá ás 21.00h das inmediacións do mercado de Travesas, para seguir pola Avenida de Castelao, rúa Porriño, Baiona, Redondela, Ramón Buch, Angel Llanos, Plaza da Tellada, Dario Durán Gómez, Florida, rotonda de Florida con M.Echegaray para rematar na Florida ás 00.00h.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(609).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA CICLISTA “II MINI BTT PARQUE FORESTAL DO VIXIADOR” O VINDEIRO 3 DE XULLO DE 2016. EXPTE. 15031/333.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade 2.0 SPORT TEAM, con CIF (G-27778851), solicitou o día 08-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160044431), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: II MINI BTT PARQUE FORESTAL DO VIXIADOR
- Data: 3-07-2016
- Horario: 10.30H a 14.30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o domingo 3 de xullo de 2016; a proba comenará ás 10.30h e rematará ás 14.30h, esta carreira se levará a cabo no Parque Forestal do Vixiador.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Protección civil

- *Comunidad de Montes de Candeán*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade 2.0 SPORT TEAM, con CIF (G-27778851), a organizar o vindeiro domingo 3 de xullo de 2016, a proba ciclista denominada II MINI BTT PARQUE FORESTAL DO VIXIADOR, a proba comezará ás 10.30h e rematará ás 14.30h, levándose a cabo integramente no Parque Forestal do Vixiador en Candeán.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(610).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA CICLISTA “25º GRAN PREMIO CICLISTA TEIS” O VINDEIRO 3 DE XULLO DE 2016. EXPTE. 15034/333.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Ciclista Teis, con CIF (G-36754323), solicitou o día 24-02-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160022012), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: 25º GRAN PREMIO CICLISTA TEIS*
- *Data: 3-07-2016*
- *Horario: 10.00H a 13.30H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 3 de xullo de 2016 o 25ª GRAN PREMIO CICLISTA TEIS; a proba comezará ás 10.00H e rematará ás 13.30h, a saída será de Sanjurjo Badía para seguir por Enrique Lorenzo, Avda de Guixar, Julian Estévez, e voltar por Sanjurjo Badía onde se atopará a meta nos arredores do Mercado.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Protección civil*
- *Seguridade e Mobilidade*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Teis, con CIF (G-36754323) a organizar o vindeiro domingo 3 de xullo de 2016, a proba ciclista denominada 25º GRAN PREMIO CICLISTA TEIS, a proba comenará ás 10.30h e rematará ás 13.30h; terá a súa saída dende a rúa Sanjurjo Badía para seguir por Enrique Lorenzo, Avda de Guixar, Julian Estévez, e voltar por Sanjurjo Badía onde se atopará a meta nos arredores do Mercado.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(611).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO POLA ORGANIZACIÓN DO “CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BTT” QUE TERÁ LUGAR OS DÍAS 15 E 17 DE XULLO DE 2016. EXPTE. 15120/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/06/16 e o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 31/05/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Ciclismo ao obxecto de coadxugar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Campionato de España de BTT na modalidade de descenso que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

A Federación Galega de Ciclismo é unha entidade privada de carácter asociativo que exerce, ademais das funcións propias establecidas polos seus estatutos, funcións públicas delegadas por lei. Ten personalidade xurídica e patrimonio propio, e ten como fins básicos a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando expresamente excluído o fin lucrativo.

Entre as funcións propias encomendadas polos seus estatutos atópase a de colaborar e/ou organizar competicións oficiais e actividades ciclistas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a de colaborar coas administracións públicas na promoción do ciclismo.

En virtude do cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral unha das liñas de actuación da federación vai encamiñada á dinamización de competicións que fomenten e impulsen a práctica do ciclismo en calquera das súas modalidades, posibilitando un maior achegamento á Sociedade en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

Unha das actuacións mais relevantes que a Federación Galega de Ciclismo desenvolve no ano 2016 é a organización do Campionato de España de BTT na modalidade de descenso que se vai celebrar entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do ciclismo BTT a nivel nacional, xa que nela participarán os e as mellores ciclistas da especialidade do territorio nacional, outorgando á competición a etiqueta de mellor evento da modalidade do país anualmente.

Na competición participarán 250 deportistas nas diferentes categorías, e se estima miles de persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Campionato de España de BTT na modalidade de descenso que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como o Campionato de España BTT, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Federación Galega de Ciclismo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do dito Cto. de España que se celebrará na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Ciclismo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrència, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de Ciclismo, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Cto. de España de BTT na modalidade de descenso que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

A Federación Galega de Ciclismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15120/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Ciclismo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Ciclismo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Cto. de España de BTT na modalidade de descenso que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de Ciclismo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do Cto. De España de BTT e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Ciclismo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*

- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Ciclismo, co CIF: G-36644870 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadjuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Cto. de España de BTT na modalidade de descenso que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da Federación Galega de Ciclismo, co CIF: G-36644870 con enderezo social na Rúa Fotógrafo Luis Kasado, 17, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do Cto. de España de BTT na modalidade de descenso que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BTT" NA MODALIDADE DE DESCENSO ENTRE O 15 E O 17 DE XULLO DE 2016. (Expte. 15120/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Juan Carlos Muñiz Nieto como presidente da Federación Galega de Ciclismo, CIF nº G-36644870 e enderezo social na rúa Luis Kasado, 17, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15120/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Federación Galega de Ciclismo é unha entidade privada de carácter asociativo que exerce, ademais das funcións propias establecidas polos seus estatutos, funcións públicas delegadas por lei. Ten personalidade xurídica e patrimonio propio, e ten como fins básicos a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando expresamente excluído o fin lucrativo.

Entre as funcións propias encomendadas polos seus estatutos atópase a de colaborar e/ou organizar competicións oficiais e actividades ciclistas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a de colaborar coas administracións públicas na promoción do ciclismo.

II.- Que no ano 2016, a entidade organiza na cidade o Campionato de España de BTT na modalidade de descenso, que lle outorga un valor moi importante para a promoción do ciclismo tanto na propia cidade de Vigo como nas diferentes cidades da xeografía nacional, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do ciclismo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

Este evento, é unha das competicións máis destacadas no ámbito nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito da modalidade, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O feito de que esta competición sexa a máis importante a nivel nacional, motivará a participación de deportistas de toda a xeografía nacional, así como os e as ciclistas da modalidade de Galicia. Esta circunstancia provoca que o evento se converta, durante a súa celebración, no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.*
- *Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do evento, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrència pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a Federación Galega de Ciclismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación Galega de Ciclismo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- *A Federación Galega de Ciclismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver Campionato de España de BTT na modalidade de descenso entre o 15 e o 17 de xullo de 2016.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Conceder á Federación Galega de Ciclismo unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Campionato de España de BTT na modalidade de descenso". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar co , na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto deportivo na cidade de Vigo.

3º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da Federación Galega de Ciclismo (revista, web, etc).*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.*

Sétimo.- *A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.*

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición,

estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(612).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “WEDU SOCIEDAD&EDUCACIÓN S.L.” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCIAIS E EMPREGO (ILES) DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 12991/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/06/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “**Iniciativas Locais de Emprego**” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no

DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial **WEDU Sociedad&Educación, S.L.** con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Doña Silvia Lobato Muriente, en calidade de promotora, por acadar as seguintes características:*

O proxecto empresarial “WEDU Sociedad&Educación, S.L.” é innovador na área de Vigo e consiste nun servizo de consultoría dirixido a deseñar, desenvolver e promover servizos e produtos para a innovación e a excelencia educativa, co fin de impulsar aprendizaxes que xeren desenvolvemento e contribúan ao progreso da sociedade. Destaca o carácter innovador das seguintes actividades:

- Investigación e desenvolvemento de contidos sobre novas competencias e adaptación curricular.*
- Deseño de contidos e promoción de experiencias dirixidas a desenvolvemento da creatividade, e o aprendizaxe socio-emocional entre educadores, familias e alumnos.*
- Consultoría para a excelencia (EFQM) e a modernización das institucións e organizacións que traballan pola educación, a infancia e a adolescencia.*
- Información e asesoramento na aplicación e uso de Tecnoloxías aplicadas a Educación, ED-TECH.*
- Xestión da participación en proxectos, licitacións e concursos que permitan a financiación de actividades de innovación educativa e colaboración internacional.*
- A empresa e adoptará a forma xurídica de **Sociedade Limitada**.*

“WEDU Sociedad&Educación, S.L.” é unha iniciativa empresarial innovadora que pretende dar capacidade e recursos ós educadores, as familias e os menores para enriquecer os procesos de aprendizaxe formais e non formais.

A empresa precisa dun investimento inicial de 20.000 € para a posta en marcha e conseguir os primeiros contratos de prestación de servizos no ámbito de Vigo e da provincia de Pontevedra, tendo previsto comenazar a expansión a Ourense e Coruña a partir de 2017. A financiación serán recursos propios dos socios 20.000€.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "**WEDU, Sociedad&Educación, S.L.**" promovida por Doña Silvia Lobato Muriente, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(613).- CESIÓN TEMPORAL E GRATUÍTA DE USO DE TERREO PARA HORTA URBANA SITO EN AVDA. RAMÓN NIETO, 266, INT. EXPTE. 11402/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/06/16, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

"1.- Antecedentes

1.- En data 13 de novembro de 2015, Dona Deolinda Rivera López compareceu no Departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo e manifestou o seguinte:

"1.- Que con fecha 17/11/2014, presentou escrito no Rexistro do Concello de Vigo (doc. 140139512) no que cedía gratuíta e temporalmente o terreo da súa propiedade situado en Avda. Ramón Nieto, 266, Vigo, para adicar a horta urbana polo prazo dun ano.

2.- Que a pesar do tempo transcorrido non tivo contestación ó seu escrito.

3.- Que no día de hoxe, reitera novamente o ofrecemento ao Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente da cesión temporal e gratuíta do dito terreo da súa súa titularidade situado en Avda. Ramón Nieto, 266, Vigo, para adicar á horta urbana dende a data da formalización da escritura ata o 31 de decembro de 2017, salvo que se proceda ó desenvolvemento urbanístico do ámbito no que se atopa, ou por unha necesidade imperiosa de venda da súa propietaria, o que comunicaría como mínimo con dous meses de antelación. Dita cesión poderá prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de dous anos, tralo acordo expreso entre as partes, e nas condicións antes citadas.

O terreo sitúase na traseira da edificación da Avda. de Ramón Nieto, 266, Vigo, e posúe unha superficie segundo escritura pública de compravenda de 1.186 m². O terreo obxecto de cesión ten os seguintes lindeiros:

Norte: Edificio situado na rúa Ramón Nieto, 266, Vigo:

Sur....: Parcela con ref. Catastral 6154926NG2765S0001XG

Leste.: Parcela con ref. Catastral 6154948NG2765S0001TG

Oeste: Parcela con ref. Catastral 6154943NG2765S0001YG, de titularidade Municipal

4.- Achega copia simple da escritura de compravenda outorgada en data 27 de decembro de 2006, ante o notario de Vigo, Gerardo García-Boente Sánchez, o número 3287 do seu protocolo, co que acredita a titularidade do terreo. Tamén achega, nota simple de inscrición do pleno dominio no Rexistro da Propiedade de Vigo nº 2, ó tomo 1790, libro 845, folio 135, finca número 57441/ BIS.

5.- O terreo non ten gravames nin cargas ningunhas e atópase ao corrente de pago dos impostos correspondentes.

6.- Autoriza expresamente ao Concello de Vigo: Servizo de Medio Ambiente á entrada a referida finca da súa titularidade dende esta data, e sen prexuízo da resolución do procedemento de cesión.

7.- O Concello de Vigo poderá resolver unilateralmente a cesión para o caso de que se modifiquen as circunstancias que xustifiquen o interese xeral da cesión o que comunicara á titular do terreo cun mínimo de dous meses de antelación.”

II.- Conveniencia e oportunidade de aceptación da cesión temporal.

O artigo 25.2. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “residuos”, “salubridade pública”, na que se inclúe a limpeza de predios, “ocupación do tempo de lecer” na súa ladeira medioambiental.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

A protección do medio ambiente exerceuse non só a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste marco de actuación, a concellería de Medio Ambiente conta con determinados espazos na cidade denominados "*hortas urbanas medioambientais e de ocupación do tempo de lecer*", situados en solos urbanos, nos que se pretende realizar actividades de sensibilización da cidadanía sobre a protección do medio ambiente urbano, ocupación do seu tempo de lecer con accións que redunden en beneficio do medio ambiente urbano: cultivos de horta, respecto polas zonas verdes, plantacións, aproveitamento de residuos ...

A Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de novembro de 2013, acordou a utilización provisional, entre outras, da parcela municipal núm. 230 de 583,77 m² situada na rúa Ramón Nieto, 266, interior para a horta urbana destinada á formación medioambiental.

A dita parcela municipal ten forma alargada rectangular con único acceso a través dunhas escaleiras que dan a rúa Ramón Nieto 266.

O terreo cuxo uso nos cedería gratuíta e temporalmente dona Deolinda é colindante coa parcela municipal resultando conveniente a súa utilización toda vez que:

- O ser colindante coa parcela municipal coa que ten unha porta de comunicación de acceso permitirá o incremento da superficie destinada a horta urbana nunha superficie de 940 m² sen custe para o concello, cun mellor aproveitamento polos usuarios do espazo destinado a horta.
- Trátase dunha parcela practicamente llana, sen maleza, con pequenas herbáceas e apreciándose un terreo fértil para o cultivo, segundo se desprende do informe do inspector municipal de data 6 de outubro de 2015.
- A parcela municipal ten acceso unicamente polas escaleiras que comunican coa rúa Ramón Nieto e co terreo colindante permitiría ter un mellor acceso a través desta desde a vía pública, incluso coa pequena maquinaria que puidera resultan precisa.

A posibilidade de utilización temporal do terreo obxecto de cesión de uso para este uso de horta urbana resultaba posible segundo o PXOM-08 que estivo temporalmente vixente, xa que a clasificación e cualificación da parcela é a mesma que a parcela municipal adicada a horta urbano, sendo o uso no que se encadraría dentro do dotacional, clase educativo e categoría 7^a, e do uso de espazos libres e zonas verdes, clase zonas verdes, categoría 2^a e que a parcela, segundo o PXOM vixente está clasificada como solo urbano non consolidado, dentro do ámbito APR A-4-21, pendente de desenvolvemento urbanístico, sendo o uso

característico residencial e co que os usos dotacionais en tódalas clases e categorías son compatibles, como tiña informado a arquitecta municipal no seu informe de data 18/09/2012.

Trala anulación do PXOM-08, solicitouse novo informe á Xerencia Urbanista tendo informado a arquitecta municipal en data do 30/03/2016 o seguinte:

“O Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo solicita con data do 08/03/2016 informe urbanístico dunha parcela que se atopa na Avda. De Ramón Nieto nº 266, referencia catastral nº 6154942NG2745S.

O PXOU, aprobado definitivamente o 29.04.93 (DOG. 10.05.93) inclúe a zona na que se sitúa a edificación obxecto deste expediente en solo urbano e conta con dúas cualificacións. Á parte da parcela que está edificada ten ordenanza de aplicación a 1.2.B.R.N Edificación Aberta no ámbito da Rúa Ramón Nieto. A parte da parcela non edificada está cualificada coa ordenanza 1.3.B Edificación Illada de media densidade. Segundo a disposición transitoria primeira, apartado 2, da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, establécese unha distinción entre que aos terreos cumpran as condicións do artigo 17.a) da lei ou 17.b), aplicándoseles o disposto para o solo urbano consolidado ou non consolidado respectivamente.

A parte da parcela sobre a que se solicita informe urbanístico atópase no réxime establecido para os terreos clasificados na lei como solo urbano non consolidado. A lei establece no artigo 89 que poderán autorizarse obras e usos provisionais en solo urbano non consolidado en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que estes usos non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

O uso referido de “horta urbana destinada á formación medioambiental e ocupación do tempo de lecer” non está expresamente prohibido nin pola lei nin polo planeamento. O Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, establece no artigo 13.2.e) o dereito de usar, disfrutar e dispoñer dos terreos de conformidade co previsto na apartado 1 do artigo, de tal xeito que sen alterar o estado natural dos terreos pódese dedicar a un uso agrícola”

Por tanto, o destino da parcela para horta urbana é posible urbanisticamente, tendo en consideración que a utilización provisional do terreo para horta urbana de formación medioambiental non esixe ningunha clase de obra e o seu uso vai dirixido a toda a cidadanía co obxecto de fomentar a promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá na defensa do medio ambiente, ademais de xerar hábitos de vida saudables, ocupación do tempo de lecer, o que redundará no benestar da poboación. A maior abundamento, cómpre sinalar que a utilización da parcela como horta urbana non deixa de ser un destino agrícola.

Por último, cómpre salientar que se trata dunha cesión temporal e gratuíta que non representa ningún custe para a facenda municipal.

En conclusión, a xuízo do que subscribe xustifícase a conveniencia, oportunidade e viabilidade urbanística da aceptación da cesión temporal e gratuíta do uso do terreo con destino a ampliación de horta urbana de formación medioambiental.

IV.- Fundamentos de dereito.

O artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece e 9 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBAL), establecen que as entidades locais terán capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clase e exercer as accións e recursos procedentes en defensa dos seus dereitos.

O RBAL establece no seu artigo 11 que a adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos previsto na lexislación de contratos e no seu artigo 12 indica que a adquisición de bens a título gratuito non está suxeito a restrición ningunha, cando non estea sometido a condición ou modalidade onerosa.

O negocio xurídico proposto por dona Deolinda Rivera López é un contrato de cesión temporal e gratuita do uso dun ben inmovible, de natureza xurídica privada que está excluído do ámbito de aplicación do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público por carecer do requisito de onerosidade previsto no artigo 2.1. e, tamén, por excluílo expresamente o artigo 4.1.p) da citada norma.

A oferta de cesión temporal e gratuita é dun ben inmovible e non está sometida a ningún tipo de condición ou modalidade onerosa polo que ó abeiro do establecido no artigo 12 do RBAL a súa aceptación non está subxeita a restrición ningunha.

O prazo de duración da cesión temporal e gratuita do terreo establececese dende a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2017, salvo que se proceda ó seu desenvolvemento urbanística ou por necesidade imperiosa de venda da súa propiedade, o que comunicará como mínimo con dous meses de antelación. Dita cesión poderá prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de dous anos, tralo acordo expreso das partes.

Pola súa banda, o Concello de Vigo poderá resolver unilateralmente a cesión para o caso de que se modifiquen as circunstancias que xustifiquen o interese xeral da cesión o que comunicara á titular do terreo cun mínimo de dous meses de antelación

A aceptación da cesión temporal e gratuita deberá formalizarse en documento administrativo e inscribirse no inventario de bens e dereitos desta corporación de conformidade co establecido no artigo 17 e seguintes RBAL.

Segundo o establecido na lexislación de réxime local en relación co artigo 110 da LPAP, o réxime xurídico deste contrato de cesión de uso, negocio xurídico patrimonial, rexerá en canto a súa súa preparación e adxudicación pola lexislación de patrimonio das administracións públicas e, no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das Administracións públicas. Os seus efectos e extinción rexerá pola lexislación de patrimonio e as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan sobre este contratos entre as partes. Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa súa preparación e adxudicación e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo de acordo coa súa normativa reguladora.

Por tanto, tendo en consideración que se xustifican os motivos de conveniencia e oportunidade de aceptar a cesión temporal e gratuita do uso da parcela para horta urbana de formación medioambiental, que se xustifica a súa viabilidade urbanística, que non existen ningún tipo de condición onerosa ou de gravamen para a Administración municipal, que a cedente acredita a titularidade do terreo, que os prazos e demais condicións considéranse axustadas a dereito e non so contrarias as leis e ós intereses públicos municipais.

Por todo o indicado, considérase axustado a dereito a aceptación da cesión temporal e gratuita da citada parcela que non implica ningún tipo de gasto para a facenda municipal.

A competencia para aceptar o contrato de cesión temporal e gratuita do uso da parcela corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en virtude das competencias establecidas na disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se lle propón a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aceptar a dona Deolinda Rivera López, provista do DNI 36013925-L, a oferta de cesión temporal e gratuita de uso do terreo da súa propiedade dunha superficie segundo escritura pública de compravenda de 1.186 m2, e cos seguintes lindeiros:

Norte: Edificio situado na rúa Ramón Nieto, 266, Vigo:

Sur....: Parcela con ref. Catastral 6154926NG2765S0001XG

Leste.: Parcela con ref. Catastral 6154948NG2765S0001TG

Oeste: Parcela con ref. Catastral 6154943NG2765S0001YG, de titularidade Municipal

para adicar a horta urbana de formación medioambiental, lindante coa parcela municipal destinada a este uso, segundo informes e documentación obrante no expediente. 11402/306.

O prazo de duración da cesión temporal e gratuita do uso de terreo establécese dende a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2017, salvo que se proceda o seu desenvolvemento urbanístico ou por necesidade imperiosa de venda da súa propiedade, o que comunicará como mínimo con dous meses de antelación. Dita cesión poderá prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de dous anos, tralo acordo expreso das partes.

Pola súa banda, o Concello de Vigo poderá resolver unilateralmente a cesión para o caso de que se modifiquen as circunstancias que xustifiquen o interese xeral da cesión o que comunicara á titular do terreo cun mínimo de dous meses de antelación.

Segundo.- Formalizar o contrato de cesión temporal e gratuita do uso da parcela en documento administrativo no que actuará a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable como representante da Administración municipal en virtude da resolución de delegación de atribucións do alcalde de data 19 de xuño de 2015, BOP 14/07/2015.

Terceiro.- Informar ó Departamento municipal de Patrimonio desta cesión temporal e gratuita ós efectos da súa inscrición no inventario de bens e dereitos da corporación municipal.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á interesada nos termos previstos na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(614).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2016. EXPTE. 2110/334.

Dáse conta do informe-proposta do 14/06/16, da técnica de Normalización Lingüística, conformado pola concelleira-delegada de área:

“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de abril e maio de 2016.

<i>Expediente</i>	<i>2082-334. O poeta do Miño, contacontos ilustrado homenaxe á figura de Manuel María</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 8 de abril de 2016</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 39118</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Asociación Lareira Golbal</i>
<i>Importe</i>	<i>2.400,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2083-334. No verán... un conto</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 8 de abril de 2016</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 39119</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>12.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2085-334. Obradoiros de escritura creativa para persoas adultas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 12 de abril de 2016</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 39684</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Clara Isabel Rodríguez Giráldez</i>
<i>Importe</i>	<i>1.882,40 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>2094-334. Obradoiro de improvisación teatral</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 12 de maio de 2016</i>

Informe Intervención	RC 50265
Adxudicatario	Manuel Polo Pérez
Importe	900,00 euros

“

A Xunta de Goberno Local queda informada.

15(615).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO-OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 7349/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/05/16 e o informe de fiscalización do 09/06/16, dáse conta do informe-proposta do 18/05/16, do xefe do servizo de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 14/04/2016, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 35995159K), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación precisa para a formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre os meses de xaneiro a outubro de 2016.

Segundo certificacións do secretario da federación de data 04/04/2016, D. Camilo Pais Martínez, en virtude do art. 20 dos Estatutos da federación, ostenta o cargo de presidente e, polo tanto, lle corresponde a representación legal da entidade, estando facultado, pola Xunta Directiva e polos propios estatutos, para asinar o convenio de colaboración co concello de Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de

competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2015: expte. 6988/320*
- Ano 2014: expte. 6573/320*
- Ano 2013: expte. 6104/320*
- Ano 2012: expte. 5760/320*
- Ano 2011: expte. 5212/320*
- Ano 2010: expte. 4632/320*
- Ano 2009: expte. 4093/320*
- Ano 2008: expte. 3442/320*

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” para subvencionar os gastos derivados da organización, promoción e execución das súas actividades programadas entre os meses de xaneiro a outubro de 2016, para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

Deste xeito, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.*
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.*
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.*

- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 9/12/2015, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

DOCUMENTACIÓN

A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- 1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 4/04/16
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 4/04/16
 - Seguridade Social, de data 4/04/16
 - Concello de Vigo, de data 26/04/16*
- 2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 04/04/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.*

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).*
- 2. Declaración responsable e autorización (anexo II).*
- 3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).*
- 4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.*
- 5. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:*

- a) *Fundamentación, obxectivos e metas*
- b) *Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes*
- c) *Lugar de realización*
- d) *Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)*
- e) *Recursos humanos e materiais*
- f) *Sistemas de avaliación, etc.*

6. *Proxecto de actividades da entidade para o ano 2016, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:*

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administración - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministrados	6.000,00 €	5.500,00 €
Promoción	Edición da "Revista Anuario"	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXXI Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTALS		16.500,00 €	15.000,00 €

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2016, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/16 e o 31/10/16, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 2 de novembro de 2016.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES 09 2080 5077 933040016285 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 05/04/2016, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo", incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre xaneiro e outubro de 2016, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á

recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2016

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-K, en calidade de Presidente en da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 7349/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de xaneiro a outubro de 2016, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de xaneiro a outubro de 2016, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministros	6.000,00 €	5.500,00 €
Promoción	Edición da "Revista Anuario"	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXXI Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTALS		16.500,00 €	15.000,00 €

VII.- Que a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardín, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.

2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto ca correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación de Peñas Recreativas El Olivo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o os meses de xaneiro a outubro de 2016.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2016.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **2 de novembro de 2016**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- *os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- *os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e*

detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado, ou no seu caso, recibo de pagamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras

axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) Copias dos seguros de responsabilidade civil.

Décimo.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).*

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16.*

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo cuarto.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos*

non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2016.

*Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,*

Abel Caballero Álvarez

*Pola Federación de Peñas Recreativas El Olivo:
O presidente,
Camilo País Martínez”*

16(616).- SEGREGACIÓNS E AGRUPACIÓN RESPECTO Á PARCELA MUNICIPAL E4-1 DO PLAN PARCIAL DE NAVIA PARA EQUIPAMENTO DOCENTE. EXPTE. 2380/244.

Dáse conta do informe-proposta do 08/06/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

“Normativa de aplicación.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

Antecedentes:

Primeiro.- O Concello de Vigo é dono en pleno dominio da parcela E4-1, finca resultante do Plan Parcial de Navia para equipamento docente, dunha superficie de catorce mil seiscentos cincuenta e sete metros cadrados (14.657 m²), inscrita no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, finca nº 72089 ó folio 138 do libro 1316, inscrición 1ª.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de xuño do ano 2008, acordou segregar de dita parcela unha superficie de 10.000 m², dando lugar as seguintes fincas:

- *Parcela destinada a equipamento docente (E4-1): 4.625 metros cadrados, cos seguintes lindeiros: Norte: Rúa 3-d; Sur: parcela S4-3 –que se describe a continuación-; Leste: parcela S4-1 e Colexio Alfonso R. Castelao; Oeste: rúa 1-d.*
- *Parcela destinada a equipamento asistencial (S4-3) 10.000 metros cadrados, cos seguintes lindeiros: Norte: Parcela E4-1; Sur: parcela Espacio libre P-3; Leste: parcela E4-2; Oeste: rúa 1-d.*

Terceiro.- O Pleno do Concello, na súa sesión do pasado día 25 de abril do ano en curso, acordou aprobar o cambio do uso dotacional da parcela de 10.000 m², referida como S4-3, de asistencial público a docente. A modificación do uso dotacional fundamentase, segundo sinalase nos antecedentes de dito acordo entre outros motivos, na necesidade de ampliación do equipamento docente existente (CEIP Alfonso R. Castelao), o terse interesado por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a posta a disposición polo Concello de terreos para dita ampliación.

Cuarto.- Co fin de atender a posta a disposición de terreos solicitada, polo departamento de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo emitíuse informe o 30 de maio do 2016, no que propón unha segregación nas parcelas S4-3 (hoxe E4-3) e na E4-1, nunha superficie de 4.962 m² e 3.038 m² respectivamente, que trala súa agrupación conformarían unha única parcela de 8.000 m² para a ampliación do centro educativo.

As operacións de segregación e agrupación descríbense no informe do seguinte xeito, achegando xunto co mesmo, planos do estado actual das parcelas (escala 1/2000), das segregadas (escala 1/1000) e da resultante (escala 1/1000):

O Pleno do Concello na sesión do 25 de abril de 2016, acordou a “MODIFICACIÓN DE USO DOTACIONAL NO PLAN PARCIAL DE NAVIA, DE ASISTENCIAL PÚBLICO A EDUCATIVO” da parcela municipal de 10.000 m² de superficie, dentro do mencionado PP de Navia, e referida como S4-3, no acordo de segregación adoptado o 16-06-2008 pola Xunta de Goberno Local.

Desta parcela S4-3 (en realidade, oxe, E4-3) segréganse 4.962 m² para a súa posterior agrupación á parcela E-4 de 3.038 m².

De seguido faise unha descripción das parcelas que interveñen na ampliación, todas elas procedentes da finca matriz E4-1 (finca rexistral 72089, Tomo 1316, Folio 138)

DESCRIPCIÓN DAS PARCELAS

PARCELA E4-3

*Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia
Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR
Superficie: 10.000 m²
Lindeiros:*

*NORTE: Concello de Vigo (Parcela E4 3.038 m²) Líña de 98,23 ml
SUR: Concello de Vigo (Zona Verde P3 do Plan Parcial).Líña de 114,71 ml.
LESTE: Xunta de Galicia (Escola Superior de Arte Dramático) Líña de 75,67 ml.
OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 51.15 ml.*

PARCELA SEGREGADA E4-3.1

*Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia
Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR*

Superficie: 4.962 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela E4 3.038 m²) Líña de 98.23 ml

SUR: Concello de Vigo (parcela S4-3, en realidade E4-3).Líña de 97,55 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (Escola Superior de Arte Dramático) Líña de 50.15 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 51.15 ml.

A segregación efectúase polo lindeiro Norte da finca matriz.

PARCELA RESTANTE E4-3

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR

Superficie: 5.308 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela destinada á ampliación do CEIP) Líña de 97,55 ml

SUR: Concello de Vigo (zona verde P3).Líña de 114,72 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (Escola Superior de Arte Dramático) Líña de 25,80 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 80.20 ml.

PARCELA E4-1

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR

Superficie: 4.625 m²

Lindeiros:

NORTE:Rúa da Pedra Seixa e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao): Líña de 38 ml. e Líña quebrada de 38.70 ml; 14.95 ml; 21 ml; 1.80 ml e 27.80 ml.

SUR: Concello de Vigo. (parcela E4-3.1)Líña de 98,23 ml.

LESTE: Concello de Vigo (parcela S4-1 APAMP) e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao) Líña 71,73 de 26.30 ml; e 10.95 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 90 ml.

Desta parcela, segreganse 1.587 m² destinados a Escola De Educación Infantil (parcela E4/G)

PARCELA E4/G (ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL)

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n e Rúa da Pedra Seixa

Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR

Superficie: 1.587 m²

Lindeiros:

NORTE: Rúa da Pedra Seixa. Líña de 38 ml.

SUR: Concello de Vigo. (parcela E4) Líña de 38,70 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao) Líña 45,45 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 90 ml.

PARCELA RESTANTE E4-1

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR

Superficie: 3.038 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela da Escola Infantil) e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao):
Líña quebrada de 38.70 ml; 14.95 ml; 21 ml; 1.80 ml e 27.80 ml.

SUR: Concello de Vigo. (parcela E4-3.1) Líña de 98,23 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao) e Concello de Vigo (parcela S4-1 APAMP)
Líña quebrada de 26.30 ml; 10.95 ml e 50.15 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 52,75 ml.

PARCELA RESULTANTE DA AGRUPACIÓN : PARCELA E4-1 e FINCA SEGREGADA E4-3.1

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral: 9831424NG1793S0001BR

Superficie: 8.000 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela da Escola Infantil) e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao):
Líña quebrada de 38.70 ml; 14.95 ml; 21 ml; 1.80 ml e 27.80 ml.

SUR: Resto da finca matriz: Concello de Vigo. Líña de 97,55 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao , Escola Superior de Arte Dramático)
Líña quebrada de 26.30 ml; 10.95 ml e 50.15 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 104.22 ml.

Relación dos puntos que definen a parcela resultante en coordenadas U.T.M. (Fuso 29, Datum ETRS

89)

<u>Punto</u>	<u>X</u>	<u>Y</u>
1	519693,21	4672970,09
2	519730,00	4672982,12
3	519738,15	4672957,12
4	519752,38	4672961,60
5	519773,37	4672961,29
6	519773,90	4672959,57
7	519800,71	4672966,85
8	519801,13	4672955,92
9	519816,09	4672908,06
10	519725,79	4672871,09

Fundamentos de Dereito:

PRIMEIRO.- A actual Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptibles de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

SEGUNDO.- Así mesmo, dispón que a inscrición no rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, prevé a LPAP que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practicarase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

TERCEIRO.- Consecuentemente, procede levar a cabo as operacións de segregación e agrupación anteriormente expostas sobre as fincas municipais reseñadas, a fin de atender a posta a disposición de terreos solicitada pola Xunta de Galicia para a ampliación do CEIP Alfonso R. Castelao, debendose dar traslado ó Rexistro da Propiedade para a inscrición de ditas operacións, e así mesmo actualizar o Inventario municipal de Bens e Dereitos dacordo coas actuacións acordadas.

Por todo o que antecede proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:

“PRIMEIRO.- A) SEGREGAR da parcela E4-3, de 10.000 m² de superficie (sinalada como parcela S4-3 no acordo de segregación da Xunta de Goberno local do 16/6/2008), e dacordo co informe do topografo municipal do 30/05/2016 e plano anexo, a seguinte finca dunha superficie de 4.962 m²:

PARCELA SEGREGADA E4-3.1

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral:9831424NG1793S0001BR

Superficie: 4.962 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela E4 3.038 m²) Líña de 98.23 ml

SUR: Concello de Vigo (parcela S4-3, en realidade E4-3).Liña de 97,55 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (Escola Superior de Arte Dramático) Líña de 50.15 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 51.15 ml.

A segregación efectúase polo lindeiro Norte da finca matriz.

B) Trala segregación acordada , a finca matriz resultante descríbese do seguinte xeito:

PARCELA RESTANTE E4-3

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia

Ref. Catastral:9831424NG1793S0001BR

Superficie: 5.308 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela destinada á ampliación do CEIP) Líña de 97,55 ml

SUR: Concello de Vigo (zona verde P3).Liña de 114,72 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (Escola Superior de Arte Dramático) Líña de 25,80 ml.
OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 80.20 ml.

SEGUNDO.- A) **SEGREGAR** da parcela E4-1, de 4.625 m² de superficie (sinalada no acordo de segregación da Xunta de Goberno local do 16/6/2008), e dacordo co informe do topografo municipal de 30/05/2016 e plano anexo, a seguinte finca dunha superficie de 1.587 m²:

PARCELA E4/G (ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL)

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa das Ufas s/n e Rúa da Pedra Seixa
Ref. Catastral:9831424NG1793S0001BR
Superficie: 1.587 m²
Lindeiros:
NORTE: Rúa da Pedra Seixa. Líña de 38 ml.
SUR: Concello de Vigo. (parcela E4) Líña de 38,70 ml.
LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao) Líña 45,45 ml.
OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 90 ml.

B) Trala segregación acordada , a finca matriz resultante descríbese do seguinte xeito:

PARCELA RESTANTE E4-1

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia
Ref. Catastral:9831424NG1793S0001BR
Superficie: 3.038 m²
Lindeiros:
NORTE: Concello de Vigo (parcela da Escola Infantil) e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao): Líña quebrada de 38.70 ml; 14.95 ml; 21 ml; 1.80 ml e 27.80 ml.
SUR: Concello de Vigo. (parcela E4-3.1)Líña de 98,23 ml.
LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao) e Concello de Vigo (parcela S4-1 APAMP) Líña quebrada de 26.30 ml; 10.95 ml e 50.15 ml.
OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 52,75 ml.

TERCEIRO.- **AGRUPAR** as parcelas resultantes E4-3.1 (3.038 m²) e E4-1 (4.962 m²), nunha única parcela de 8.000 m² de superficie para equipamento docente, dacordo co informe do topografo municipal de 30/05/2016 e plano anexo, coa seguinte descripción:

PARCELA R RESULTANTE DA AGRUPACIÓN : PARCELA E4-1 e FINCA SEGREGADA E4-3.1

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa das Ufas s/n – Navia
Ref. Catastral:9831424NG1793S0001BR

Superficie: 8.000 m²

Lindeiros:

NORTE: Concello de Vigo (parcela da Escola Infantil) e Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao): Líña quebrada de 38.70 ml; 14.95 ml; 21 ml; 1.80 ml e 27.80 ml.

SUR: Resto da finca matriz: Concello de Vigo. Líña de 97,55 ml.

LESTE: Xunta de Galicia (CEIP R. Castelao , Escola Superior de Arte Dramático) Líña quebrada de 26.30 ml; 10.95 ml e 50.15 ml.

OESTE: Rúa das Ufas: Líña de 104.22 ml.

Relación dos puntos que definen a parcela resultante en coordenadas U.T.M. (Fuso 29, Datum ETRS 89)

<i>Punto</i>	<i>X</i>	<i>Y</i>
1	519693,21	4672970,09
2	519730,00	4672982,12
3	519738,15	4672957,12
4	519752,38	4672961,60
5	519773,37	4672961,29
6	519773,90	4672959,57
7	519800,71	4672966,85
8	519801,13	4672955,92
9	519816,09	4672908,06
10	519725,79	4672871,09

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade interesando a inscrición das segregacións e agrupación acordadas.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17- CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DA ESCOLA DE COMERCIO NA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA Á UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 15701/332.

Dáse conta do informe-proposta do 15/06/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

“Normativa de aplicación:

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).

- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).
- LOU (LO 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades).
- LOUG (L 11/1989, de 20 de julio, de ordenación do sistema universitario de Galicia).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 1 de abril de 2016, acordou aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexirán a concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº105 da rua Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD) e someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de condicións administrativas aprobados.

SEGUNDO.- No periodo de información pública, mediante edicto publicado no BOP nº 78 en data 18/04/2016 polo prazo e procedemento regulamentario, ó que se someteu o prego de condicións administrativas aprobado, non foron formuladas alegacións ao mesmo, segundo resulta da certificación da Secretaria de Goberno Local de data 3/06/2016.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A ocupación do dominio público municipal suxetase o réxime xurídico previsto no ordeamento xurídico para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación que das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa, como título habilitante é, no presente caso, a concesión directa, dacordo co disposto na cláusula I Obxeto. Apartado 2 do Prego de Condicións Administrativas (aprobado pola Xunta de Goberno local o 1/04/2016) ó sinalar que “ De conformidade co disposto no art. 93.1 en relación o 137.4 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Universidade de Vigo.”

TERCEIRO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista do acordado, sométese á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- “1º.- “Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexiran a concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº105 da rua Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD), consonte ó texto que figura anexo ao presente acordo.

2º.- *Outorgar a Universidade de Vigo a concesión administrativa do uso privativo do edificio sito no nº105 da rua Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD), dacordo co anterior prego aprobado."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(617).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS A FAVOR DE BBVA FINANCIA AUTORENTING S.A. POLO SERVIZO DE RENTING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL NO EJERCICIO 2015. EXPTE. 48401/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 07/06/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. O pasado 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:

"1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local (expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.

En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCIA AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.

Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:

–27/11/2015:

2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.

–10/12/2015:

2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.

–30/12/2015

2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.

2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo".

II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK.

III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF: A60028776 presenta a través da plataforma FACE:

–Factura nº 11E169910000024466, data de 02/02/2016, por importe de 141,69 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 2641HDK para o periodo 27/11/2015 al 30/11/2015, (expte. 48402/212)

–Factura nº 11E169910000024469, data de 02/02/2016, por importe de 141,69 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 2642HDK para o periodo 27/11/2015 al 30/11/2015 (expte. 48406/212)

–Factura nº 11E169910000024472, data de 02/02/2016, por importe de 141,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2643HDK para o periodo 27/11/2015 al 30/11/2015 (expte. 48407/212)

–Factura nº 11E169910000024475, data de 02/02/2016, por importe de 141,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2644HDK para o periodo 27/11/2015 al 30/11/2015 (expte. 48408/212)

–Factura nº 11E169910000024480, data de 02/02/2016, por importe de 141,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2656HDK para o periodo 27/11/2015 al 30/11/2015 (expte. 48409/212)

–Factura nº 11E169910000024485, data de 02/02/2016, por importe de 922,98 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 1738HDK para o periodo 10/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48410/212)

–Factura nº 11E169910000024464, data de 02/02/2016, por importe de 743,88 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 1739HDK para o periodo 10/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48411/212)

–Factura nº 11E169910000024483, data de 02/02/2016, por importe de 925,46 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2645HDK para eo periodo 10/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48412/212)

–Factura nº 11E169910000024478, data de 02/02/2016, por importe de 743,88 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2647HDK para o periodo 10/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48413/212)

–Factura nº 11E169910000013041, data de 27/01/2016, por importe de 708,46 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2655HDK para o periodo 10/12/2015 al 29/12/2015 (expte. 48414/212)

–Factura nº 11E169910000024488, data de 02/02/2016, por importe de 39,17 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2653HDK para o periodo 30/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48415/212)

–Factura nº 11E169910000024486, data de 02/02/2016, por importe de 39,17 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2658HDK para o periodo 30/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48416/212)

–Factura nº 11E169910000056452, data de 20/04/2016, por importe de 39,17 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2659HDK para o periodo 30/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48417/212)

–Factura nº 11E169910000056451, data de 20/04/2016, por importe de 39,17 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2660HDK para o periodo 30/12/2015 al 30/12/2015 (expte. 48418/212)

–Factura nº 11E169910000024467, data de 02/02/2016, por importe de 1062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2641HDK para o periodo 01/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48419/212)

–Factura nº 11E169910000024470, data de 02/02/2016, por importe de 1062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2642HDK para o periodo 01/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48420/212)

–Factura nº 11E169910000024473, data de 02/02/2016, por importe de 1062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2643HDK para o periodo 01/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48421/212)

–Factura nº 11E169910000024476, data de 02/02/2016, por importe de 1062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2644HDK para o periodo 01/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48422/212)

–Factura nº 11E169910000024481, data de 02/02/2016, por importe de 1062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2656HDK para o periodo 01/12/2015 al 31/12/2015 (expte. 48423/212)

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 10.223,24 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 14 vehículos policiais que se mencionan no apartado VIII da memoria, dende o remate da prórroga ata o 31 de decembro de 2015, salvo o 2655HDK, que causou baixa o 29 de decembro de 2015, segundo as facturas que se detallan no apartado IX do mesmo documento, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a executarse o novo contrato de renting (expte. 43577/212), que se atopa en fase de adxudicación. Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto periodo que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o comenzo da execución no novo contrato en trámite, carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRLCSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policías resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materias sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 10.223,24 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 14 vehículos policiais que se determinan nas facturas, dende o remate da prórroga ata o 31 de decembro de 2015, salvo o 2655HDK, que causou baixa o 29 de decembro de 2015, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo."

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(618).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS A FAVOR DE BBVA FINANCIÁ AUTORENTING S.A. POLO SERVIZO DE RENTING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL NO EXERCICIO 2016 (1 XANEIRO-31 MAIO). EXPTE. 48614/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 07/06/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I. O pasado 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:

“1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local (expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.

En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCIÁ AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.

Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:

–27/11/2015:

2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.

–10/12/2015:

2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.

–30/12/2015

2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.

2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo”.

II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK. Asimesmo, o 26/03/2016, rematou a prórroga dos dous vehículos da clase 3: 4718HDS e 3213HGB.

III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776 presenta a través da plataforma FACE:

- Factura nº 11E169910000024465, data de 02/02/2016, por importe de 1.062,69 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 1739 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48615/212).
- Factura nº 11E169910000040365, data de 10/03/2016, por importe de 1.318,54 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 1738 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48616/212).
- Factura nº 11E169910000024468, data de 02/02/2016, por importe de 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2641 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48617/212).
- Factura nº 11E169910000024471, data de 02/02/2016, por importe de 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2642 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48618/212).
- Factura nº 11E169910000024474, data de 02/02/2016, 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2643 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48619/212).
- Factura nº 11E169910000024477, data de 02/02/2016, 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2644 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48620/212).
- Factura nº 11E169910000024479, data de 02/02/2016, 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2647 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48621/212).
- Factura nº 11E169910000024482, data de 02/02/2016, 1.062,69 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2656 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48622/212).
- Factura nº 11E169910000024489, data de 02/02/2016, 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2653 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48623/212).
- Factura nº 11E169910000024487, data de 02/02/2016, 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2658 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48624/212).
- Factura nº 11E169910000041712, data de 21/03/2016, 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2659 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48625/212).
- Factura nº 11E169910000040366, data de 10/03/2016, 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2660 HDK para o periodo 01/01/2016 ao 31/01/2016, (expte. 48626/212).
- Factura nº 11E169910000024484, data de 02/02/2016, por importe de 1.322,09 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2645HDK para o periodo 01/01/2016 al 31/01/2016 (expte. 48627/212)
- Factura nº 11E169910000020990, data de 01/02/2016, por importe de 9.936,17 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1739 HDK; 2641 HDK; 2642 HDK; 2643 HDK; 2644 HDK; 2645 HDK; 2647 HDK; 2653 HDK; 2656 HDK para o periodo 01/02/2016 ao 29/02/2016 (expte. 48628/212)

- Factura nº 11E169910000020989, data de 01/02/2016, por importe de 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2658 HDK para o período 01/02/2016 ao 29/02/2016, (expte. 48629/212).
- Factura nº 11E169910000041713, data de 21/03/2016, por importe de 1.175,25 €, en concepto de renting del vehículo matrícula 2659 HDK para o período 01/02/2016 ao 29/02/2016, (expte. 48631/212).
- Factura nº 11E169910000039233, data de 02/03/2016, por importe de 2.493,79 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1738 HDK e 2660 HDK para o período 01/02/2016 ao 29/02/2016 (expte. 48632/212)
- Factura nº 11E169910000039699, data de 03/03/2016, por importe de 7.438,83 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1739 HDK; 2641 HDK; 2642 HDK; 2643 HDK; 2644 HDK; 2647 HDK; 2656 HDK para o período 01/03/2016 ao 31/03/2016 (expte. 48633/212)
- Factura nº DIV1600320, data de 23/03/2016, por importe de 6.019,53 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1738 HDK; 2653 HDK; 2658 HDK; 2659 HDK; 2660 HDK, para o período 01/03/2016 ao 31/03/2016 (expte. 48634/212)
- Factura nº DIV1600378, data de 05/04/2016, por importe de 365,09 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 3213 HGB e 4718 HDS, para o período 27/03/2016 ao 31/03/2016 (expte. 48635/212)
- Factura nº 11E169910000041061, data de 16/03/2016, por importe de 1.322,09 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 2645 HDK, para o período 01/03/2016 ao 31/03/2016 (expte. 48636/212)
- Factura nº 11E169910000051194, data de 01/04/2016, por importe de 14.780,45 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1738 HDK; 1739 HDK; 2641 HDK; 2642 HDK; 2643 HDK; 2644 HDK; 2645 HDK; 2647 HDK; 2653 HDK; 2656 HDK; 2658 HDK; 2659 HDK e 2660 HDK para o período 01/04/2016 ao 30/04/2016 (expte. 48637/212)
- Factura nº 11E169910000051192, data de 01/04/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB, para o período 01/04/2016 ao 30/04/2016 (expte. 48638/212)
- Factura nº 11E169910000051193, data de 01/04/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS, para o período 01/04/2016 ao 30/04/2016 (expte. 48639/212)
- Factura nº 11E169910000065211, data de 01/05/2016, por importe de 14.780,45 €, en concepto de renting dos vehículos matrículas: 1738 HDK; 1739 HDK; 2641 HDK; 2642 HDK; 2643 HDK; 2644 HDK; 2645 HDK; 2647 HDK; 2653 HDK; 2656 HDK; 2658 HDK; 2659 HDK e 2660 HDK para o período 01/05/2016 ao 31/05/2016 (expte. 48640/212)
- Factura nº 11E169910000065209, data de 01/05/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB, para o período 01/05/2016 ao 30/05/2016 (expte. 48641/212)
- Factura nº 11E169910000065210, data de 01/05/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS, para o período 01/05/2016 ao 31/05/2016 (expte. 48642/212)

IMPORTE TOTAL:..... 79.743,52 €

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 79.743,52 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais, dende o 01 de xaneiro de 2016 ata o 31 de maio de 2016, segundo as facturas que se detallan no apartado IX, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a executarse o novo contrato de renting (expte. 43577/212), que se atopa en fase de adxudicación. Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto periodo que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o comenzo da execución no novo contrato en trámite, carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRLCSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policías resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materias sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 79.734,52 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais que se determinan nas facturas, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de maio de 2016, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.”

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica.”

3.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(619).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE MAIO DE 2016. EXPTE. 1562/341.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/16, do xefe do servizo de Museos Municipais, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de MAIO, e que son os que deseguido se relacionan:

MAIO 2016

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1521-341. Contrato privado de seguro da colección Luis Torras na Casa das Artes. AXA ART. RCM 58414.</i>	26/05/16	1.857,13 €
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1522-341. Contrato privado de seguro da colección Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura. AXA ART. RCM 58411.</i>	26/05/16	431,27 €
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1530-341. Adquisición de libros e material gráfico para a exposición “Airiños Aires Rosalía” na Casa das Artes. XURXO LOBATO. RCM 49755.</i>	05/05/16	1.560,00 €
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1520-341. Reserva de crédito para gastos de dereitos de autor derivados da programación do servizo de museos. RC 53871.</i>	11/05/16	1.500,00 €
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1540-341. Reserva xenérica de crédito para visitas guiadas puntuais en centros da RMM en 2016. RCM 51622.</i>	12/05/16	4.000,00 €
MUSEOS (341)	<i>Expte. 1537-341. Deseño de material gráfico das exposicións con temática de muller en centros da Rede de Museos Municipais en 2016. OLALLA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ. RCM 51360.</i>	11/05/16	605,00 €

MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5654-337. Montaxe de escenarios e percorridos da exposición "EMPORIUM". JOSÉ ÁLVAREZ ROUCO. RCM 48806.	03/05/16	18.539,62 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5657-337. Contrato menor de servizos para edición de material gráfico para a exposición "EMPORIUM". DESOÑOS, S.L. RCM 48808.	03/05/16	6.703,40 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5651-337. Elaboración de material promocional en medios de comunicación da exposición "EMPORIUM". VERVE AUDIOVISUAL, S.L. RCM 48807.	03/05/16	3.919,19 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5653-337. Instalación do sistema de iluminación da exposición "EMPORIUM...". INSTALACIONES ELÉCTRICAS RAMALLOSA, S.L. RCM 50387.	09/05/16	8.194,34
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5650-337. Embalaxe e transporte especializado para a exposición "EMPORIUM". ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE, S.L. RCM 50386.	09/05/16	3.482,99 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5679-337. Contrato menor de servizos para produción e instalación vinilos opacos nas portas de emerxencias das salas expositivas do Museo Verbum con motivo da exposición "EMPORIUM. MIL ANOS DE COMERCIO EN VIGO". SIXPRESS. RCM 52822.	23/05/16	744,15 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5652-337. Contrato menor de servizos para subministro e instalación de elementos de cristalería para exposición temporal "EMPORIUM". VIDRERÍA VALLADARES, S.L.U. RCM 58417.	26/05/16	4.193,80 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5681-337. Reserva Xenérica de crédito para contratación de traballos especializados. RCM 52384.	16/05/16	1.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

21(620).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE OS MESES DE MARZO A MAIO DE 2016. EXPTE. 15363/331.

Dáse conta do informe-proposta do 14/06/16, da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, conformado polo xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de marzo de 2016, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15283/331	Contratación dunha función do espectáculo “Latente” da compañía Paula Quintana, o venres 29 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	PAULA GÓMEZ QUINTANA	78718931M	2.251,65 €
15290/331	Pagamento da remuneración aos autores ao traveso dunha sociedade de xestión, polo préstamo público das súas obras, realizado na Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas”	CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS	V78652203	450,47 €
15291/331	Contratación dunha función do espectáculo “Cuál es mi nombre?”, da compañía Da.Te Danza, o domingo 1 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	JOSÉ OMAR MESA FRÍAS	76655906B	780,60 €
15311/331	Contrato para un servizo de vixilancia por ampliación horaria por exames da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	ILUNION SEGURIDAD, SA	A78917465	15.920,28 €

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
15323/331	Contratación de dúas funcións do espectáculo "Las 3 reinas magas" do Grupo Expresión, o domingo 18 de decembro, ás 12 e 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura	ASOCIACIÓN GRUPO EXPRESIÓN	G39812797	2.480,50 €
15339/331	Contratación dunha función do espectáculo "Edipo" da Companhia do Chapitô, o venres 4 de novembro, ás 21 horas, no Auditorio do Concello, dentro da programación Vigocultura	CÉSAR BARTOLOMÉ ARIAS BARRIENTOS	34780504L	4.523,13 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

23(621).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.